

## Palestina e a solidariedade internacionalista.

A un ano do 7 de outubro, o xenocidio palestino converteuse nunha imaxe cotiá *máis* do que o imperialismo ten que ofrecer á humanidade. Fronte a esta barbarie, todo obreiro consciente ten que preguntarse cal é o seu papel coa liberación palestina, que supón a solidariedade internacionalista. Neste tempo xurdiu un movemento solidario hexemonizado polas concepcións socialpacificistas baseado en presionar aos Estados imperialistas, apelando a eles como interlocutores lexítimos para resolver a *cuestión palestina*, o que consecuentemente leva ao legalismo e o posibilismo. Unha lóxica *pragmática* que remata por coludir coa falsa *solución* dos dous Estados, esa *coexistencia pacífica* que recentemente defendeu Sánchez no seu encontro co carcereiro Mahmoud Abás. A complicidade de ambos co exterminio palestino non expresa senón o significado real dese programa. Porque a natureza da opresión colonial que exerce Israel fai a súa mesma existencia incompatible coa emancipación nacional palestina, refutando toda ilusión dunha resolución *pacífica* do conflito.

O Estado sionista é un baluarte da reacción a nivel mundial, indisoluble dos intereses da burguesía monopolista *occidental*. Actuando como correa de transmisión de Estados Unidos en Oriente Medio, enxerta-se sobre Palestina coma un parasito, colonizando o territorio baixo un plan de exterminio. Como elo insubstituíble da cadea imperialista, o seu carácter reaccionario ten aínda máis proxección, reforzando a súa estrutura económico-militar, como exemplifican os *Acordos de Abraham*. O Estado español non queda fóra deste tipo de pactos entre caníbales, cooperando cos servizos de intelixencia sionistas para beneficio da represión interna e externa. Israel, creado expresamente como liña de *defensa* do imperialismo, sérvese da guerra de exterminio contra os pobos, como amosa a *nova fase da guerra* cara o Líbano. Non é casual como **a reacción máis ultra saúda ao sionismo, pois a súa ideoloxía étnico-nacionalista acirra o racismo —especialmente o anti-árabe—** sementando a desconfianza entre os pobos e a discordia entre os explotados. Porén, no medio deste océano de reacción, a loita palestina rememora poderosas leccións para o combate anti-imperialista.

O movemento de liberación nacional palestino, nesta época de *impasse* entre dous Ciclos da Revolución Proletaria Mundial (RPM), lémbra-nos que pese a todo, *o imperialismo é un tigre de papel* que pode ser derrotado militarmente. Fronte á superioridade tecnolóxica das forzas israelís, unha liña política capaz de mobilizar masas pode anegar as súas defensas e resistir, como proban respectivamente o 7 de outubro e a insurxencia mantida fronte ao terrorismo sionista. Isto é expresión particular dun principio máis xeral da loita de clases: que **toda clase precisa dunha liña militar para defender os seus intereses e obxectivos**. Ningún movemento de corte emancipatorio pode esquecer isto. A heroicidade das masas obreiras e campesiñas palestinas en loita contra o fascismo sionista inscribíase nas xestas dos pobos oprimidos da historia; porén, o carácter burgués do movemento de liberación nacional palestino presenta límites obxectivos na súa **xusta loita pola autodeterminación**, porque as condicións particulares da opresión nacional, coa metrópole colonial implantada sobre o seu territorio, exigen **destruír militarmente o Estado sionista**. E para a consecución deste programa, o movemento debe partir dunhas premisas diferentes ás que hoxe son hexemónicas naquelas terras, debe asentarse **nunha liña política internacionalista independente**, pois a *cuestión palestina* ten coma **único horizonte realista para a súa verdadeira resolución** a revolución de novo tipo dirixida polo proletariado. A condición desta revolución é a creación do Partido Comunista, que apoiándose nas clases oprimidas polo imperialismo desenvolva unha liña de Guerra Popular para a destrución do Estado sionista e a construción das bases de apoio dunha república democrática, unitaria e internacionalista *dende o río ata o mar*.

Porén, non é posible a transformación directa e inmediata da *resistencia nacional* en *guerra revolucionaria*. A pregunta que se nos formula entón é: que podemos facer dende aquí para que aquel horizonte sexa unha realidade? En que se traduce a verdadeira solidariedade proletaria coas masas esmagadas polo imperialismo en Oriente Próximo? Se non hai continuidade entre resistencia e revolución, o verdadeiro internacionalismo require de nós que contribuíamos á creación dun movemento revolucionario internacionalista, cuxa primeira pedra é a reconstitución do comunismo. Décadas de liquidación da conciencia revolucionaria do proletariado anuláron a súa capacidade de actuar como suxeito independente, poñendo fin ao Ciclo de Outubro. Esta liquidación dáse a nivel histórico, xeral, internacional, de modo que superar o estado de subordinación do proletariado require extraer as leccións universais da súa experiencia mediante o Balance do Ciclo. Dito doutro modo, o primeiro requisito de toda empresa revolucionaria dirixida polo proletariado, incluída a liberación nacional palestina efectiva, é **reconstituír a cosmovisión revolucionaria da nosa clase e a Liña Xeral da RPM**. Polo tanto, reconstituír o comunismo é o mellor exercicio de solidariedade internacionalista que podemos ter co pobo palestino e é dende esta perspectiva que podemos integrar as leccións da súa heroica loita contra o imperialismo, así como colaborar á súa defensa e promoción. E neste proceso é indispensable a loita de dúas liñas contra o socialchovinismo, o socialpacificismo e toda outra forma de reformismo no movemento obreiro, pois todas elas son parte do *muro* que obstaculiza a liberación nacional palestina.

**Abaixo o Estado sionista!  
Viva o movemento de liberación nacional palestino!  
Impulsemos o internacionalismo proletario!**

**Comité pola Reconstitución**  
27 de setembro de 2024